



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

AMPLIACIÓN HORARIO FESTAS E VERBENAS POPULARES 2025

Mediante Resolución de Alcaldía de data 28/05/2025 acordouse autorizar a ampliación en 2 horas sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orden do 23 de outubro de 2020 para a finalización das seguintes festas/verbenas populares:

Adelán: Festas de San Antonio e San Ramón

Bacoi: Festas de San Antonio e Santa María

Carballido: Festas de San Sebastián e de San Roque e a Feira do Trece

O Castro de Ouro: Festas do San Salvador

Lagoa: Festas do San Vicente e do Santiago

San Pedro de Mor: Festas de San Pedro e do Carme e a Festa dos Chóferes

Oiras: Festas de Nosa Señora do Carme e San Mamede

Pereiro: Festas de Santa María

Autorizar a ampliación en 2 horas sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 do peche dos establecementos de restauración para a celebración das seguintes Festas:

Festa dos Chóferes de San Xoán

Os devanditos establecementos deberán contar co título habilitante correspondente para o exercicio da actividade.

Alfoz, 30 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1486

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 27/05/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril do 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 05/08/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 28 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1487

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de **crédito extraordinario** (MC 11/25 CE01/25) por importe de **24.447,25 €**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de **quince días hábiles** os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Becerreá, 30 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1506

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de **suplemento de crédito** (MC 12/25 SC 01/25) por importe de **224.680,50 €**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de **quince días hábiles** os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Becerreá, 30 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1507

Anuncio

ACORDO PLENARIO ORGANIZATIVO

O Pleno do Concello de Becerreá, en sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2025, adoptou o seguinte acordo organizativo, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

ESTABLECEMENTO DUNHA DEDICACIÓN EXCLUSIVA

PRIMEIRO.- Establecer o seguinte cargo con dedicación exclusiva en favor de DON JUSTO CÉSAR FERNÁNDEZ FRIOL, Concelleiro do servizo de participación cidadá (asociacións), seguridade cidadá, deportes, cultura e xuventude, de acordo co seguinte:

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS	
Concelleiro do servizo de participación cidadá (asociacións), seguridade cidadá, deportes, cultura e xuventude	Aplicación orzamentaria:	912.100 912.16000
	Pagas ordinarias:	33.670,20
	Pagas extraordinarias:	5.611,70
	Retribucións totais:	39.281,90
	Seguridade Social empresa:	13.049,40
	Custo total:	52.331,30

O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da corporación esixirá a dedicación preferente del ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local. No caso que nos ocupa, non procede esto último ao ter declarado o concelleiro en escrito de data 23/05/2025, que consta no expediente, que *"Aos efectos da eventual aprobación polo Pleno do Concello dunha dedicación exclusiva para o cargo que ostento (...) Non exercerei outras ocupacións distintas das derivadas do exercicio do cargo de Concelleiro do servizo de participación cidadá (asociacións), seguridade cidadá, deportes, cultura e xuventude do Concello de Becerreá en réxime de dedicación exclusiva"*.

A dedicación terá efectos, no caso de ser aprobada polo Pleno, dende o 01/06/2025.

De acordo co disposto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os dous anos seguintes á finalización do seu mandato, aos representantes locais que tiveran responsabilidades executivas nas diferentes áreas en que se organice o goberno local, seranlles de aplicación no ámbito territorial da súa competencia as limitacións ao exercicio de actividades privadas establecidas no artigo 15 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado

SEGUNDO.- Publicar este acordo íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios.

Becerreá, 30 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1508

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Francisco Fraga Paleo e Paula Goás García, que se celebrará o 14 de xuño de 2025, ás 12:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 28 de maio de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1488

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 23 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar na Concelleira de Cultura Lina Gómez Pardo a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Xabier Cordal Fustes e Susana Guerra Rubal, que se celebrará o día 21 de xuño do dous mil vinte e cinco, ás 11:45 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 27 de maio de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1489

CHANTADA

Anuncio

CONTA XERAL 2024

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 28 de maio de 2025, expónse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio orzamentario do ano 2024 polo prazo de quince días, durante os cales , os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

Chantada, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1466

O CORGO

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio económico 2024, cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 á 48 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 26 de maio de 2025, expónse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; regra 49.2 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e o art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Corgo, 28 de maio de 2025.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1467

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 26 de maio de 2025, aprobaronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 2º bimestre de 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 30 de maio de 2025 e o 30 de xullo de 2025.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 26 de maio de 2025.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1468

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 27 de marzo do 2025, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos das piscinas municipais, e non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA FISCAL Nº 18, REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS.

CONCEPTO

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no art. 127, en relación co art. 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos das instalacións das piscinas municipais de Mondoñedo, que se desenvolverá conforme ó disposto no regulamento de réxime interno que figura como anexo a esta ordenanza.

OBRIGADOS O PAGO

Artigo 2º.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza, os que soliciten os servizos ou actividades deste Concello, á que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.

A contía do prezo público regulada por esta ordenanza, para cada unha das modalidades de prestación do servizo, será a fixada na seguinte:

TAREFA:

a) Nenos e xoves ata 18 anos inclusive:

– Entrada diaria: 3,50 €.

b) Xoves e adultos (de máis de 18 anos):

- Entrada diaria: 4,50 €

c) ABONOS:

c.1) INDIVIDUALES:

- Abono mensual: 20,00 €
- Abono tempada: 35,00 €

c.2) FAMILIARES:

- Abono mensual: 28,00 €
- Abono tempada: 42,00 €

Os abonos serán persoais e intransferibles.

Polo que respecta aos abonos familiares, considerase unidade familiar a integrada polas parellas, e no seu caso, os fillos menores de 18 anos que residan no mesmo enderezo.

d) CURSOS DE NATACIÓN:

- Os que se acollan ao abono de temporada: 20,00 €
- Os que non se acollan ao abono de temporada: 30,00 €

Os aboamentos darán dereito ao desfrute das instalacións desde a data de apertura ata a data de peche das instalacións.

Os menores de 5 anos: estarán exentos de pagamento.

OBRIGACION DE PAGO

Artigo 4º.

1. A obrigación de pago do prezo público regulado nesta ordenanza, nace dende que se solicita a prestación dos servizos especificados no artigo 1º.

2. O pago do prezo público efectuarase no momento de entrar no recinto das piscinas municipais ou ó solicita-las distintas tarxetas de abono ou carnets.

3. As solicitudes de pagos das tarxetas de abonado realizaranse nas dependencias municipais.

A tarxeta de abonado debe levarse sempre que se queira facer uso das instalacións e debe mostrarse cando o solicite o persoal de control.

DISPOSICION ADICIONAL.

Pata todo o non previsto neste texto será de aplicación a regulación contida no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e demais disposicións aplicables en materia de Réxime Local, así como o establecido no Decreto 53/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 122/1995, de 20 de abril.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

1. O horario de funcionamento das piscinas municipais será de 12 a 20 horas.

2. O acceso ás instalacións realizarase pola taquilla existente a tal efecto, non permitíndose a entrada unha hora antes do cerre.

3. A tarefa de prezos polo uso dos servizos, será a seguinte:

a) Nenos e xoves ata 18 anos inclusive:

- Entrada diaria: 3,50 €.

b) Xoves e adultos (de máis de 18 anos):

- Entrada diaria: 4,50 €

c) ABONOS:

c.1) INDIVIDUALES:

- Abono mensual: 20,00 €
- Abono tempada: 35,00 €

c.2) FAMILIARES:

- Abono mensual: 28,00 €
- Abono tempada: 42,00 €

d) CURSOS DE NATACIÓN:

- Os que se acollan ao abono de temporada: 20,00 €
- Os que non se acollan ao abono de temporada: 30,00 €

4. Os empregados de taquilla entregarán aos que accedan ó recinto o correspondente ticket de entrada, debendo obter un novo ticket, unha vez abandonado o mesmo para volver a acceder ás instalacións.

5. A capacidade máxima de utilización simultánea das instalacións é, polo que respecta á piscina de adultos, de 212 persoas.

6. Queda prohibida a entrada na zona de baño con roupa ou calzado da rúa. O público, espectadores, visitantes e/ou acompañantes utilizarán unicamente os locais e áreas reservados para os mesmos, empregando para elo accesos específicos.

7. E obrigatorio o uso de calzado de baño nos locais destinados a vestiarios e aseos.

8. Queda prohibida a entrada na zona reservada a bañistas, de persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas, podendo ser recoñecidos a estes efectos polo persoal sanitario das piscinas.

9. E obrigatorio a ducha antes da inmersión nas piscinas e de uso de baños de pé (pedilubios), cando o acceso ó paseo do vaso da piscina se realice dende o exterior.

10. Recomendase o uso do gorro de baño, fundamentalmente en colectivos con idade escolar.

11. Queda prohibida a entrada de animais nas instalacións.

12. Queda prohibido comer, beber ou fumar na zona reservada a bañistas, así como o uso de aletas, gafas, etc. e elementos de flotación distintos das burbullas. Igualmente prohibese practicar xogos que molesten ós demais en todo o recinto.

13. Queda prohibido deixar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo empregarlas papeleiras ou outros recipientes destinados a tal efecto.

SERVICIO DE BAR-CAFETERIA

14. O recinto de cafetería é o único lugar da instalación onde se permite o consumo de alimentos e bebidas.

SERVICIO DE SALVAMENTO E ATENCION SANITARIA.

15. Existe a disposición dos usuarios un servizo de salvamento e atención sanitaria.

16. E obrigatorio cumpri-las instrucións que no exercicio das súas funcións dean os socorristas, así como do restante do persoal das instalacións.

RECLAMACIONES E SUXERENCIAS

17. Existirá un libro de reclamacións a disposición dos usuarios na taquilla de acceso ó recinto, así como un buzón de suxerencias.

Mondoñedo, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1490

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 27 de marzo do 2025, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto de bens inmoables, e non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**Artigo 1º. - Obxecto.**

O Imposto sobre Bens inmobles esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicándose sobre ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. - Tipos de gravame.

1. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles urbanos queda fixado no 0,60 por cento.
2. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,65 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 3º.- Recargo aplicable ós inmobles desocupados con carácter permanente.

Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, o Concello esixirá un recargo de un 50% na cota líquida do imposto. Dito recargo, que se esixirá ós suxeitos pasivos de este tributo e ó que resultarán de aplicación as disposicións reguladoras do mesmo, devengarase o 31 de decembro fe liquidarase anualmente polo Concello, unha vez constatada a desocupación do inmovle, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.

Artigo 4º. - Exención por criterios de eficiencia e economía.

O abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención a favor dos bens inmobles urbanos e rústicos nos que a cota tributaria líquida non exceda de tres euros.

Artigo 5º.- Bonificación para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.

Terán dereito a unha bonificación do 90 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.

Artigo 6º.- Bonificación para vivendas de promoción pública.

Establécese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto para as vivendas de promoción pública, unha vez transcorrido o prazo de disfrute da bonificación prevista no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante un prazo máximo de tres períodos impositivos. Dita bonificación concederase a petición do interesado, e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

Artigo 7º.- Bonificación para terreos comprendidos dentro de núcleos rurais.

Establécese unha bonificación do 20% na cota íntegra do imposto correspondente aos bens inmobles ubicados dentro do núcleos rurais delimitados polo planeamento urbanístico municipal, ao abeiro do establecido no artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8º.- Réxime de declaración e ingreso.

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ó Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto no período impositivo inmediatamente posterior o momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación de valor catastral dos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 9º.- Bonificacións para inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicaráse do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Coa finalidade de facilitar o pago das cotas tributarias resultantes do proceso de regularización catastral, a Administración recoñecerá o dereito ao fraccionamento do pago das mesmas, sen necesidade de presentación de garantía, nas seguintes condicións:

- O importe da cota a regularizar deberá ser superior aos 300 euros.
- O importe de cada pago fraccionado non poderá ser inferior aos 300 euros, salvo a correspondente á última anualidade.
- Será requisito para o fraccionamento a domiciliación bancaria do pago do imposto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a publicación da aprobación definitiva.

Mondoñedo, 28 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1491

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio do 2025, prestou aprobación definitiva ao PROXECTO DE “URBANIZACIÓN DE DOTACIÓN DE SERVICIOS DA ZONA D, E CONEXIÓN CON REDES DE SISTEMA XERAL DA RÚA CARDENAL RODRIGO DE CASTRO”.

Monforte de Lemos, 2 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.D. a 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1509

MONTERROSO

Anuncio

D. Eloy Pérez Sindín, Alcalde do Concello de Monterroso á vista dos seguintes antecedentes:

Visto o expediente de matrimonio civil presentado neste Concello con data 04/03/2025 RC773, entre D. Marcos Antonio Pichel Valiñas e Dña. María Sandra Mariño Vázquez para a celebración da voda civil o 01/08/2025.

Resolvo:

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Luis Mariño Castro a celebración do dito enlace.

Segundo.- Notificar ao interesado xunto cos recursos oportunos.

Monterroso, 29 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 1469

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

Ós efectos do disposto no Artigo 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley Reguladora das Facendas Locais ao que se remiten os artigos 169, 170 e 171 do mesmo Real Decreto Legislativo, ponse en coñecemento xeneral que na Secretaría Intervención deste Concello atopase exposto ó público o expediente de concesión de suplementos de créditos que afecta ó Presuposto do exercicio de 2.025 , en Sesión celebrada o día 28 de maio de 2025, financiado con parte do Remanente Líquido de Tesourería dispoñible procedente da Liquidación do Presuposto desta Entidade do exercicio de 2024.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no Artigo 170.1 do RDL citado anteriormente, e polos motivos taxativamente enumerados no Núm. 2 de dito Artigo 170, con suxeción ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: Quince días hábiles a partir do seguinte á data de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 29 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Fernández Fernández.

R. 1470

A PASTORIZA*Anuncio*

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS ANO 2025.

Por Resolución desta Alcaldía de data 2 de xuño de 2025, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón- Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano 2025. As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodapastoriza.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Pastoriza, 2 de xuño de 2025.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1510

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONTA XERAL DO EXERCICIO 2024**

Na sesión celebrada pola Comisión Especial de Contas o día 29 de maio de 2025, informouse a Conta Xeral do exercicio 2.024, que se somete a información pública por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edito, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pedrafita do Cebreiro, 30 de maio de 2025.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1511

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ABRIL 2025

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025-0456, de data 26.05.2025, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 27 de maio 2025.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1492

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de subministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao primeiro cuadrimestre de 2025, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fixase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 16 de xuño e o 16 de xullo de 2025.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1471

SARRIA

Anuncio

EXPEDIENTE: 506/2025

PROCEDEMENTO: Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de conciliación da vida familiar e laboral

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 27/03/2025, acordou aprobar provisionalmente a Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 84, de data 11/04/2025 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro se fai público para xeral

coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

Artigo 1. Fundamento

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do prezo público a prestación dos servizos establecidos nos programas de Madrugadores, As Tardes do Cole e de Ludoteca.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento

Están obrigados/as ao pagamento quen se beneficie dos servizos. Tendo en conta que os/as usuarios/as do servizo son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome conforme ó previsto na Sección IV da Lei Xeral Tributaria 58/2003, do 17 de decembro, cos efectos previstos neste texto legal, os seus pais, nais, titores ou calquera outro representante legal.

Artigo 4. Contía

1. O prezo público ascenderá ás seguintes cantidades:

- Servizo de madrugadores durante o curso lectivo: **44,10€/mes**
- Servizo de Tardes do Cole durante o curso lectivo: **44,10€/mes**
- Servizo de madrugadores durante o Nadal ou o verán: **44,10€/quincena**
- Servizo de Ludoteca de Nadal ou de verán: **44,10€/quincena**
- Servizo de As Tardes do Cole durante o Nadal ou o verán: **44,10€/quincena**
- Servizo de madrugadores ou Tardes do Cole durante o curso lectivo para unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais municipais: **4,41€/mes**
- Servizo de madrugadores, Tardes do Cole ou Ludoteca durante o Nadal ou o verán para unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais municipais: **4,41€/quincena**
- Servizo de madrugadores ou Tardes do Cole durante o curso lectivo para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita inferior ou igual a 7.000,00 €: **8,82 €/mes**
- Servizo de madrugadores, Tardes do Cole ou Ludoteca durante o Nadal ou o verán para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita inferior ou igual a 7.000,00 €: **8,82 €/quincena**
- Servizo de madrugadores ou Tardes do Cole durante o curso lectivo para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita de 7.000,00€ a 8.000,00€: **17,64 €/mes**
- Servizo de madrugadores, Tardes do Cole ou Ludoteca durante o Nadal ou o verán para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita de 7.000,00€ a 8.000,00€: **17,64 €/quincena**
- Servizo de madrugadores ou Tardes do Cole durante o curso lectivo para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita de 7.000,00€ a 8.000,00€: **26,46 €/mes**
- Servizo de madrugadores, Tardes do Cole ou Ludoteca durante o Nadal ou o verán para unidades familiares cuxa renda anual neta per cápita de 7.000,00€ a 8.000,00€: **26,46 €/quincena**

2. Será requisito previo para a aplicación das tarifas reducidas que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

3. A solicitude de aplicación da tarifa reducida deberá facerse por escrito conxuntamente coa solicitude de praza, ben sexa de renovación ou de novo ingreso, no impreso oficial correspondente e achegando a documentación xustificativa en cada suposto. Os solicitantes deberán indicar se desexan ou non utilizar igualmente o servizo en caso de denegación da aplicación da tarifa reducida.

4. En orde á aplicación do presente precepto, a base para a aplicación das tarifas reducidas virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla 455) coa base imponible do aforro (casilla 465), do imposto sobre a renda das persoas físicas. No caso de que algún dos membros maiores de idade da unidade familiar non tivera presentado declaración do IRPF no exercicio

que se estea a valorar, sumárase os ingresos minorando os mesmos co total dos gastos de carácter deducible que figuren no certificado emitido pola AEAT.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables. Considérase que integran a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de concilia. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. No caso de separación con custodia compartida, valorárase a renda dos dous proxenitores. Non obstante, se os cónxuxes separados e titulares da custodia compartida solicitasen cadansúa tarifa reducida en relación ao mesmo neno/a, a situación de cada unidade familiar será valorada de xeito diferenciado.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

En caso de existir unha orde de afastamento, presumírase que a persoa á que esta se refire non forma parte da unidade familiar. A demanda de incumprimento das obrigas de pago contidas nun convenio regulador de medidas paterno filiais poderá ser substituído por un informe dos servizos sociais acreditativo dunha situación de violencia de xénero.

- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.

- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.

- No caso de non existir vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos que se acaban de referir.

- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- Os/as nenos/as en réxime de acollemento non computarán como membros da unidade familiar ate que proceda valorar a capacidade económica en base á renda percibida no ano en que se producira o acollemento.

Artigo 5. Devengo

A obriga de pagamento para os/as usuarios/as nace cando se produza a correspondente formalización da matrícula, con efectos a partir do día solicitado na matrícula como data de inicio do servizo. A obriga de pagamento dos/as usuarios desaparece coa baixa no servizo.

Artigo 6. Normas de xestión e ingresos

1. Os interesados na prestación dos servizos presentarán no Concello solicitude de inscrición nos modelos que se faciliten.

2. O impago dunha mensualidade causará a suspensión temporal do beneficiario do servizo de concilia, en tanto non aboe a débeda pendente, un segundo impago causará a baixa definitiva no servizo.

3. O pagamento do prezo público realizarase por domiciliación bancaria que autorizará a nai, o pai, os titores ou representantes legais.

Artigo 7. Infraccións e sancións

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación o Contrato administrativo, a Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 27/03/2025, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincial e comezará a aplicarse o primeiro día natural do mes seguinte á súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.

Sarria, 2 de xuño de 2025.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

Anuncio

Por acordo plenario de data 29.05.2025 aprobouse inicialmente o expediente de modificaicón da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Sarria

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Sarria, 2 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1513

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación do anexo de perosal e plantilla, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 29 de maio de 2025, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Secretaría Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación do anexo de persoal e plantilla quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O anuncio de modificación do anexo de persoal e plantilla definitivamente aprobado publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 2 de xuño de 2025.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1514

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 27 de maio de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1493

TRABADA*Anuncio*

Procedemento: Investigación sobre a titularidade de dúas parcelas municipais.

Asunto: Publicación no Boletín Oficial da Provincia o inicio do expediente de investigación sobre a titularidade de dúas parcelas municipais.

Acordado o inicio do expediente de investigación, polo pleno deste Concello en data 28 de maio de 2025, en relación cas parcela con referencia catastral **27061K002002060000UM e 27061V003002270000RS**.

A efectos de determinar a titularidade correcta das mesmas de acordo co disposto no artigo 49 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, procédese á publicación deste acordo expoñendo ao público o expediente por prazo de quince días, durante os cales e un mes máis, as persoas afectadas polo expediente de investigación poderán alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

Segundo o disposto no artigo 51 do Real Decreto 1372/1986 admitiranse como proba calquera dos seguintes elementos: documentos públicos xudiciais, notariais, ou administrativos outorgados con arranxo o dereito, recoñecementos periciais, declaración de testemuñas, así coma calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, tal e como recoñece o artigo 77.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Trabada, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, D. Rubén García Freije.

R. 1494

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Trabada, 29 de maio de 2025.- O Alcalde, D. Rubén García Freije.

R. 1495

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 19 de maio de 2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa

publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 16 de maio de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1472